

BASES PARA A SELECCIÓN DO ALUMNADO TRABALLADOR/A E PERSOAL DIRECTIVO, DOCENTE E APOIO DO PROGRAMA DE EMPREGO XUVENIL 2024

O Programa de Emprego “Xuvenil 2024” é un programa mixto de emprego e formación dirixido a mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas mozas incluídas no Ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, cofinanciado pola Iniciativa de Emprego Xuvenil e o Fondo Social Europeo, e promovido polo **Concello de Santa Comba e conveniado cos concellos de Negreira, A Baña e Val do Dubra**.

A/s **especialidade/s** a impartir é/son a/s seguintes:

- **ACTIVIDADES AUXILIARES EN CONSERVACIÓN E MELLORA DE MONTES (AGAR0309) (10 alumnos/as).**

- **ACTIVIDADES AUXILIARES EN VIVEIROS, XARDÍNS E CENTROS DE XARDINARÍA (AGAO0108) (6 alumnos/as)**

A distribución por concellos é a seguinte:

- Concello de Negreira: 4 alumnos/as.
- Concello de Val do Dubra: 4 alumnos/as.
- Concello da Baña: 4 alumnos/as.
- Concello de Santa Comba: 4 alumnos/as.

As **actuacións** a realizar son as seguintes:

- 1.- Limpeza e condicionamento área recreativa Vilarnovo (Freixeiro) - Santa Comba
- 2.- Limpeza e condicionamento área recreativa O Tarroal (Freixeiro) - Santa Comba
- 3.- Limpeza e condicionamento área recreativa A Illa (Freixeiro) - Santa Comba
- 4.- Limpeza e condicionamento área recreativa Esmorode - Santa Comba
- 5.- Limpeza e condicionamento área recreativa Pontepereira (A Pereira) - Santa Comba
- 6.- Limpeza e condicionamento área recreativa San Salvador - Santa Comba
- 7.- Limpeza e condicionamento área recreativa de Esternande - Santa Comba
- 8.- Limpeza e condicionamento área recreativa na Ferverza (Castriz) - Santa Comba
- 9.- Limpeza e condicionamento zonas verdes: Pista polideportiva de Montouto - Santa Comba
- 10.- Limpeza e condicionamento camiño da Lebre (Montouto) - Santa Comba
- 11.- Limpeza e condicionamento arredores casa da mina - Santa Comba
- 12.- Limpeza e condicionamento zonas verdes: Local social de As Caselas - Santa Comba
- 13.- Limpeza e acondicionamento camiños forestais: Camiño do Sixto (Grixoa) - Santa Comba
- 14.- Limpeza e acondicionamento camiños forestais: Camiño da fonte (Grixoa) - Santa Comba
- 15.- Limpeza e condicionamento zonas verdes: Depósito de Truebe - Santa Comba
- 16.- Limpeza e condicionamento zonas verdes: Zona bombeo do ribeiro - Santa Comba
- 17.- Limpeza e adecentamento de xardíns: Casa da Cultura - Santa Comba
- 18.- Limpeza e adecentamento de xardíns: Centro médico - Santa Comba

- 19.- Limpeza e adecentamento de xardins: Casa do Pozo - Santa Comba
- 20.- Limpeza e adecentamento de xardins: Avda Alfonso Molina - Santa Comba
- 21.- Limpeza e adecentamento de xardins: Rotonda rúa Miraflores - Santa Comba
- 22.- Limpeza e adecentamento de xardins: Escola infantil municipal - Santa Comba
- 23.- Limpeza e adecentamento de xardins: Piscina exterior municipal - Santa Comba
- 24.- Limpeza e adecentamento de zona verde: Campo de fútbol Fontenla - Santa Comba
- 25.- Limpeza e adecentamento de parterres na Avda Tomé Taboada - Santa Comba
- 26.- Limpeza e adecentamento de parterres na Avda de Santiago - Santa Comba
- 27.- Limpeza e adecentamento de parterres na Avda. de Mourelle - Santa Comba
- 28.- Limpeza e adecentamento de parterres na Avda. Brasil - Santa Comba
- 29.- Limpeza e adecentamento de parterres na rúa Lugo - Santa Comba
- 30.- Limpeza e adecentamento de parterres na rúa Orense - Santa Comba
- 31.- Limpeza e adecentamento de parterres na rúa Pontevedra - Santa Comba
- 32.- Limpeza e adecentamento de parterres en rúa Carmen Santiso - Santa Comba
- 33.- Limpeza e adecentamento de zona verde edificio de multiusos e outro - Santa Comba
- 34.- Limpeza exterior A Tilleira - Bembibre - Val do Dubra
- 35.- Limpeza e plantación área recreativa Bembibre - Val do Dubra
- 36.- Limpeza e plantación exteriores colexio Portomouro - Val do Dubra
- 37.- Limpeza Braña dos Allos - Bembibre - Val do Dubra
- 38.- Limpeza entornos lavadoiros públicos: Rial, Maxais e San Román - Val do Dubra
- 39.- Limpeza entorno da feira de Bembibre - Val do Dubra
- 40.- Limpeza rotas de sendeirismo: Fervenza (Bembibre) e Remuiño (Portomouro) - Val do Dubra
- 41.- Limpeza maleza vertedoiro - Bembibre - Val do Dubra
- 42.- Limpeza Mirador do Picoto - Parroquia de Rial - Val do Dubra
- 43.- Limpeza finca municipal na Illa de Xermán - Portomouro - Val do Dubra
- 44.- Limpeza elementos vexetais casco urbano do Concello da Baña - A Baña
- 45.- Limpeza e acondicionamento area recreativa: Agra de Chans (San Vicenzo) - A Baña
- 46.- Limpeza e acondicionamento area recreativa: Río Albariña (San Vicenzo) - A Baña
- 47.- Limpeza e acondicionamento area recreativa: A Chousa (Lañas) - A Baña
- 48.- Limpeza e acondicionamento area recreativa: Area de aparcamento autocaravanas Couto Carballo - A Baña
- 49.- Limpeza e mantemento do camiño forestal da Riveira- A Baña
- 50.- Limpeza e mantemento do camiño forestal de Chousa- A Baña
- 51.- Limpeza e mantemento de Agra Portomuíño- A Baña
- 52.- Limpeza e mantemento do camiño forestal de Barcia - A Baña
- 53.- Limpeza e mantemento do camiño forestal de Pedra Longa- A Baña
- 54.- Limpeza e mantemento do camiño forestal de Sandolo - A Baña
- 55.- Limpeza e mantemento do camiño forestal de Coton do Muíño - A Baña
- 56.- Limpeza e mantemento do camiño forestal de Portarios - A Baña
- 57.- Limpeza e mantemento do camiño forestal de Chans - A Baña
- 58.- Limpeza e mantemento do camiño forestal de Regueiros -Campo de Tilla - A Baña
- 59.- Limpeza e mantemento do camiño forestal de Regueiros -Paneira - A Baña
- 60.- Limpeza e mantemento do camiño forestal de Regueiros -Pedra Negra - A Baña
- 61.- Limpeza e mantemento do camiño forestal de Carballo-Sabuxeira - A Baña
- 62.- Limpeza e mantemento do camiño forestal de San Xoán de Riba - A Baña
- 63.- Limpeza e mantemento do camiño forestal de Agro de Regueiro-A Grela - A Baña
- 64.- Limpeza e mantemento do camiño forestal do Rego do Medio- A Baña
- 65.- Limpeza e mantemento do camiño forestal de Bemamoa-Baisas - A Baña

- 66.- Limpeza e mantemento do camiño forestal do Riveiro - A Baña
- 67.- Limpeza e mantemento do camiño forestal de Castro Verde - A Baña
- 68.- Actuacións de limpeza e mantemento do parque do Coto - Negreira
- 69.- Actuacións de limpeza e mantemento no centro de saúde – Negreira
- 70.- Actuacións de limpeza e mantemento en Pedra Mamoá - Negreira
- 71.- Actuacións de limpeza e mantemento en xardíns da Avda. de Santiago - Negreira
- 72.- Actuacións de limpeza e mantemento dos xardíns do campo de fútbol de Portor - Negreira
- 73.- Actuacións de mantemento na praza do Cotón - Negreira
- 74.- Actuacións de limpeza e mantemento dos xardíns da Praza do Ferreiro - Negreira
- 75.- Actuacións de limpeza e mantemento da área recreativa de Campolongo - Negreira
- 76.- Actuacións de adecentamento da pista polideportiva de Santa Cruz (Bugallido) - Negreira
- 77.- Actuacións de adecentamento dos xardíns no entorno da escola de Covas - Negreira
- 78.- Actuacións de adecentamento da parcela Casa dos Mestres en Reiboo, Liñaio - Negreira
- 79.- Actuacións de adecentamento da área recreativa de Leixoso, Marcelle - Negreira
- 80.- Actuacións de adecentamento dos xardíns da escola de Aro – Negreira
- 81.- Actuacións de adecentamento da masa común do local social de San Martiño de Broño - Negreira
- 82.- Actuacións de adecentamento da pista polideportiva de San Martiño de Broño - Negreira
- 83.- Mantemento de camiños forestais na zona de Triáns-Covas - Negreira
- 84.- Mantemento de camiños forestais na zona de Trece-Liñaio - Negreira
- 85.- Mantemento de camiños forestais: Camiño de Vilanova (Pedreiras -Alvite) - Negreira
- 86.- Mantemento de camiños forestais: Camiño carretera Barbazán-Lobios (Lueiro) – Negreira
- 87.- Mantemento de camiños forestais: Camiño de Lobios (Lueiro) - Negreira
- 88.- Mantemento de camiños forestais: Camiño Padín (Covas) - Negreira
- 89.- Mantemento de camiños forestais: Camiño a Regueiro Grande (Campolongo) - Negreira
- 90.- Limpeza e adecentamento da zona verde da Avda das Brañas - Negreira
- 91.- Limpeza e adecentamento do campo de fútbol e zona depósito de auga en Landeira - Negreira
- 92.- Limpeza e adecentamento da masa común de Vilaserío - Negreira
- 93.- Limpeza e adecentamento da parcela do albergue de Vilaserío - Negreira
- 94.- Limpeza e adecentamento da parcela da masa común de Lueiro-1 - Negreira
- 95.- Limpeza e adecentamento da parcela da masa común de Lueiro-2 - Negreira
- 96.- Limpeza e adecentamento do campo de fútbol de Liñaio - Negreira
- 97.- Limpeza e adecentamento da masa común pista polideportiva Pisadoira – Negreira

O programa de emprego terá unha duración de **12 meses** e formará a **16 alumnos/as traballadores/as**.

O alumnado traballador/a será contratado, baixo a modalidade de contrato para a formación e o aprendizaxe coas particularidades que establece a disposición adicional primeira do Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e o aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual, e percibirá as retribucións que lle correspondan de conformidade co previsto na normativa vixente.

Contratarase ao seguinte persoal para o programa de emprego:

- **1 director/a** (xornada completa).

- **1 mestre da especialidade de actividades en conservación e mellora de montes** (xornada completa).
- **1 mestre da especialidade de Actividades Auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinaría** (xornada completa).
- **1 titor/a** (xornada completa).

En vista da normativa exposta propónse un sistema de selección que se fundamenta nos seguintes procedementos:

1.- Comisión de Valoración:

A Comisión de Valoración mixta estará formado por cinco persoas, representantes de cada concello participante no programa de emprego. A presidencia da comisión de valoración grupo recaerá na persoa que representa neste caso a entidade promotora. Ningunha persoa interesada en formar parte do persoal do programa de emprego poderá formar parte da comisión de valoración mixta nin auxiliar ao mesmo nas tarefas de selección.

A Comisión de Valoración considerárase validamente constituída coa participación nas sesións de traballo de, polo menos, tres dos seus compoñentes.

As decisións da comisión de valoración tomaranse por unanimidade ou pola maioría simple dos membros presentes. A persoa designada como presidente/a, coa finalidade de dirimir os posibles empates nas votacións, disporá de voto de calidade.

Se, por calquera causa, no momento no que teñan lugar as reunións da Comisión de Valoración, algún dos seus compoñentes non puidera acudir, será substituído/a pola persoa que para o efecto designe a persoa titular da xefatura territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ou a persoa titular da entidade promotora, segundo sexa o caso.

O presente proxecto terá como **data límite prevista para o seu inicio o 01/10/2024**, segundo se establece na Orde do 07 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil (Formación e Aprendizaxe) no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede a súa convocatoria para o ano 2024. (DOG núm 39, do 23 de febreiro de 2024).

2.- Procedemento de selección alumnado-traballador/a:

Localidade: Ámbito dos Concellos de Negreira, Val do Dubra, A Baña e Santa Comba. No caso de non atoparse candidatos/as suficientes, a sondaxe ampliaríase ao resto dos concellos limítrofes, dando prioridade a aqueles concellos que non teñan proxectos de programas de emprego.

Idade: Dende os 18 anos ata os 30 anos, sempre que os cumpra antes de finalizar o Programa de Emprego.

É requisito non superar a idade máxima establecida na normativa vixente no Sistema nacional de garantía xuvenil no momento da selección, estar inscritas e en situación de beneficiarias

no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da comunidade autónoma de Galicia así coma, manter o cumprimento dos requisitos exixidos na Lei 18/2014 e, no Real decreto legislativo 2/2015, de 23 de outubro.

Situación Laboral: Mozos e mozas desempregados, inscritos no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e que teñan solicitado algún dos seguintes servizos; Escolas Taller Programas (320), Casa de Oficio (330), Taller de emprego (340) Outros programas de emprego e formación dual (370) e como novidade preseleccionarase ós demandantes de emprego que se atopen na situación administrativa de suspensión 699 “suspensión específica programas experimentais de emprego”, sempre que cumpran os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato para a formación e aprendizaxe durante toda a duración do obradoiro.

Criterios preferentes de selección: A comisión de valoración deberá aplicar os criterios preferentes de selección que figuran nos artigos 11 e 12 da Orde do 07 de febreiro de 2024 (DOG núm 78, do 23 de febreiro de 2024), e no artigo 105.3 da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia e no Programa operativo de emprego xuvenil 2014-2020, segundo baremo que se xunta.

Non se exixen requisitos académicos nin profesionais, inda que se deben posuír as habilidades de comunicación lingüística suficientes que permitan o aprendizaxe.

A Comisión de Valoración resolve que a persoa candidata non poderá optar á selección para recibir formación no mesmo certificado profesional, con independencia de que rematase o programa de emprego anterior con resultado de apto ou non apto.

O número de candidatos/as a preseleccionar será determinado pola comisión de valoración, que decide que remitan todos/as os/as mozas e mozas inscritos en Garantía Xuvenil en cada Concello.

A sondaxe poderá realizarse entre as persoas demandantes con algunha das claves seguintes: **340, 320, 330, 699 ou 370.**

Unha vez ditada a resolución de concesión de subvención para o programa de emprego, a entidade promotora tramitará a correspondente oferta na **Oficina de emprego de Santiago Norte**, para logo proceder á selección definitiva das persoas candidatas pola comisión de valoración.

A selección definitiva dos/as 16 alumnos/as e a súa distribución por especialidades, de ser o caso, será efectuada pola comisión de valoración que aplicará o baremo establecido e unha proba escrita que será previa a aplicación dos criterios obxectivos.

A Comisión de Valoración redactará as correspondentes actas e remitiraas á Xefatura Territorial (**Servizo de Formación e Cualificacións para o Emprego**), acompañada da relación do alumnado admitido e excluído indicando, neste último caso, a causa da súa exclusión.

A Comisión de Valoración, establece como criterio establecido para dirimir os posibles empates entre as puntuacións obtidas por dúas ou máis persoas candidatas en cada unha das fases do proceso selectivo, así como nas puntuacións finais son, por orde de prelación, as seguintes:

- a) Maior tempo acreditado como desempleado (derradeira inscrición na oficina de emprego).
- b) A menor cualificación profesional.
- c) Non ter participado nunca nun Obradoiro de Emprego- Programa de Emprego

3.- Procedemento selección do persoal directivo, docentes e titor:

Unha vez ditada a resolución de concesión de subvención para o programa de emprego, a entidade promotora tramitará a correspondente oferta de emprego na Oficina de emprego de Santiago Norte, para logo proceder á selección das persoas candidatas.

Neste caso o procedemento utilizado consistirá na oferta de emprego, na que se adecuará o perfil das persoas candidatas aos baremos que se achegan nas páxinas seguintes. As persoas candidatas forzosamente deberán estar inscritas na Oficina de emprego como demandantes de emprego ou de mellora e terán preferencias as persoas que en igualdade de condicións de cumprimento do perfil requirido **se atopen en situación de desemprego** (artigo 13.5).

A Comisión de Valoración determinará o número máximo de candidatos/as a preseleccionar para cada praza, debendo considerar, na medida do posible, tres candidatos/as por posto.

O ámbito da sondaxe será os Concellos de Negreira, Val do Dubra, A Baña e Santa Comba, ampliándose, no caso de non se obter o número de candidatos/as suficiente, aos outros concellos **do ámbito territorial da Oficina de emprego a que pertencen os concellos promotores** e de ser necesario, a toda a provincia.

A oficina de emprego ou a entidade promotora comunicará os/as candidatos/as preseleccionados/as a forma, lugar e prazo de presentación da documentación xustificativa do currículo, acreditativa dos seus méritos:

- A titulación académica, que se xustificará co correspondente título académico oficial.
- Os cursos realizados, que se xustificarán cos correspondentes diplomas.
- A experiencia profesional, que deberá xustificarse:
 - ✓ Traballo por conta allea: Contratos de traballo ou certificados de empresa e vida laboral expedida pola Seguridade Social sempre que poida acreditarse a categoría profesional desempeñada, computándose as horas efectivas traballadas.
 - ✓ Traballadores autónomos: Alta no imposto de actividades económicas acompañada de informe de vida laboral. No caso de non estar obrigado, documento que lle exima de obrigación de cotizar.
 - ✓ Traballos no estranxeiro: Certificación oficial na que conste a profesión desempeñada e os períodos traballados.

As persoas candidatas preseleccionadas que non cumpran cos requisitos de titulación e experiencia profesional, quedarán excluídas do proceso selectivo.

A Comisión de Valoración citará ás persoas candidatas admitidas para unha proba escrita na que se valorará a adecuación das mesmas aos postos de traballo ofertados. Esta proba escrita terá lugar nas datas e no local que fixe o grupo de traballo mixto. A Comisión de Valoración levará a cabo a proba escrita, valorará e redactará as correspondentes actas que serán obxecto de exposición pública e remitiranse á xefatura Territorial (**Servizo de Formación para o Emprego e Orientación**).

A Comisión de Valoración valorará os currículos conforme aos baremos e redactará a correspondente acta que se remitirán á Xefatura territorial (**Servizo de Formación para o Emprego e Orientación**). A relación provisional das puntuacións outorgadas serán expostas nos taboleiros da entidade promotora e da **Oficina de emprego de Santiago Norte**, así como na páxina web da entidade promotora debendo figurar o prazo para presentar reclamacións.

3.1 Criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións das persoas candidatas

Os criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións obtidas por dúas ou máis persoas candidatas en cada unha das fases do proceso selectivo así como nas puntuacións finais, son por orde de prelación:

- A puntuación outorgada no apartado de experiencia profesional.
- O maior tempo acreditado como desempleado (derradeira inscrición na oficina de emprego)
- A puntuación outorgada no apartado de experiencia docente.
- A puntuación correspondente ás titulacións complementarias.
- A puntuación resultante no apartado de coñecementos do idioma galego.
- A puntuación obtida no apartado de cursos realizados.

3.2 Incompatibilidade

As persoas candidatas que na data de remate do proceso selectivo, estivesen prestando servizos a tempo completo nun obradoiro de emprego-programa de emprego, non poderán ser propostos para a súa incorporación ao novo proxecto, polo que pasarán a integrar a lista de reserva, ocupando o lugar que lles corresponda conforme á puntuación obtida no dito proceso de selección.

4. Publicacións e/ou notificacións:

A Comisión de Valoración acordará a publicación dos resultados, e tamén a publicación ou notificación, no seu caso, dos demais actos de trámite que poidan afectar aos intereses das persoas candidatas de acordo sempre co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e demais normativa aplicable. Estas publicacións realizaranse **nos taboleiros de anuncios da Oficina de Emprego de Santiago Norte, e na sede electrónica da entidade promotora e concellos participantes**.

BAREMO PARA A SELECCIÓN DUN/HA DIRECTOR/A

FUNCIÓNS:

Encargarase da coordinación xeral do programa de emprego, e dos medios humanos e materiais, sendo a persoa responsable das relacións co exterior: Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, entidade promotora e empresariado. Levará a cabo a xestión, administración e a supervisión económica do proxecto, así como das actuacións e servizos que se desenvolvan no mesmo. Responsabilizarase de que se imparta a formación en prevención de riscos laborais.

A súa xornada laboral será completa.

En xeral estará encargado do bo funcionamento do Programa de Emprego, concretamente:

1. Elaborar, xunto co equipo docente, a proposta do plan de actuacións
2. Presentar ante a Xefatura Territorial da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e ante os Concellos de **Negreira, Val do Dubra, A Baña e Santa Comba** as memorias periódicas e finais, os datos da xestión orzamentaria da execución das obras, e a preparación da información e documentación necesaria para a compra ou alugueiro de material ou maquinaria e as tarefas de administración necesarias así como xestionar as altas dos participantes no **aplicativo Participa**.
3. Coordinar a programación didáctica, de conformidade co plan formativo do proxecto e o certificado de profesionalidade.
4. Supervisar a formación do alumnado-traballador/a e a labor educativa do persoal docente.
5. Facilitar a inserción laboral do alumno durante e unha vez rematado o proxecto.
6. Controlar o cumprimento das obrigas de todo o persoal do obradoiro, asistencia, puntualidade, comportamento no posto de traballo; todo en consonancia co regulamento de dereitos e deberes do alumnado.
7. Propoñer, organizar e coordinar as actividades complementarias de carácter formativo do alumnado-traballador/a.
8. Velar polo cumprimento das normas de seguridade e saúde no traballo, encargando ao resto do persoal docente e de apoio o control directo do cumprimento de tales normas.
9. Impartir a formación complementaria relativa ó módulo transversal de xestión empresarial e o módulo de Alfabetización Informática
10. Levará a cabo a xestión económica e administrativa do Programa de Emprego.

Será contratado/a a tempo completo.

REQUISITOS MÍNIMOS:

Titulación universitaria: Indicarase na oferta de emprego a máis axeitada ao programa de emprego (con inclusión das titulacións en grao).

Indicarase na oferta de emprego a experiencia profesional mínima se fora o caso.

Estar en posesión do CELGA 4, ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación da documentación baremable. A acreditación do coñecemento da lingua galega realizarase de conformidade coa normativa de aplicación,

segundo o Sistema de Certificación da Lingua Galega (CELGA) vixente, ou certificacións equivalentes homologadas polo órgano competente en materia de Política Lingüística da Xunta de Galicia. En todo caso, as persoas aspirantes que non acheguen o CELGA 4, ou equivalente, ou non acrediten estar en condición de obtelo dentro do prazo de presentación de documentación, deberán realizar unha proba específica de coñecemento da lingua galega que cualificará á persoa aspirante como apto/a ou non apto/a, de acordo co previsto na base sexta.

PROBA ESCRITA:

Na que se valorarán as aptitudes e capacidades para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria. Puntuarase ata un **máximo de 6,00 puntos**.

VALORACIÓN DO CURRÍCULO:

Titulación académica relacionada coa que se oferte a máis axeitada ao obradoiro:

- Posgrao ou Master relacionada coas funcións a desenvolver, igual ou superior a 100 horas:1 punto.
- Titulación universitaria; licenciatura/ grao: 1 punto; diplomatura universitaria, 0,5 puntos, relacionada co contido do Programa de Emprego.

Esta **puntuación** é acumulable, sendo a **máxima** posible **2 puntos**.

A titulación mínima esixida unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do/a aspirante. As titulacións avaliáveis teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.

Experiencia profesional:

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, programas de emprego, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses a xornada completa; a xornada parcial será valorada proporcionalmente ata un máximo de 5 puntos.
- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, programas de emprego, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses a xornada completa; a xornada parcial será valorada proporcionalmente ata un máximo de 4 puntos.

No caso de requirirse experiencia profesional mínima para o acceso ao proceso, terase unicamente en conta neste apartado o tempo que exceda do tomado en conta para o anterior.

A **puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de **9 puntos**.

Cursos realizados:

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas e posteriores ao 01/01/2010 valoraranse como segue:

- Cursos de 20 a 99 horas lectivas: 0,10 por curso
- Cursos de 100 ou máis horas lectivas; 0,20 puntos por curso

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

A asistencia a xornadas, simposios, conferencias, congresos, ... non será obxecto de puntuación.

A **puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de cursos é de **2 puntos**.

- **Cursos de linguaxe administrativa nivel superior-1 punto**
- **Cursos de linguaxe administrativa nivel medio-0.5 puntos.**

A **puntuación máxima** a obter por este apartado será de ata **1 punto**.

De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en consideración o grao superior.

Puntuación final:

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas pola proba escrita e o currículo persoal. No caso de empate será de aplicación os **critérios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións das persoas candidatas**.

BAREMO PARA A SELECCIÓN DE MESTRES/AS DO PROGRAMA DE EMPREGO

FUNCÍONS:

As persoas candidatas seleccionadas encargaranse de impartir a educación correspondente aos seus oficios e de actuar como mestres das súas especialidades nas obras ou actuacións que se leven a cabo como práctica profesional dos/as alumnos/as traballadores/as.

Será contratado 1 mestre de Actividades Auxiliares en Conservación e Mellora de Montes) e 1 mestre de Actividades Auxiliares en Viveiros, Xardíns e Centros de Xardinaria), a xornada completa, e 1 titor/a a xornada completa.

- Elaborar, xunto co/a director/a, a programación didáctica das respectivas áreas ou módulos formativos do certificado de profesionalidade.
- Desenvolver, cumprir e impartir o programa formativo na aula e nas obras a executar, incluíndo a preparación previa dos contidos teórico-prácticos a impartir e a realización das actividades relacionadas cos contidos.
- Responsabilizaranse da aprendizaxe do alumnado-traballador/a, de todas as normas en xeral, do regulamento de réxime interno e das normas de seguridade e saúde en particular.
- Controlarán a asistencia, puntualidade, actitude e rendemento do alumnado-traballador/a, notificando á dirección do obradoiro das incidencias que se produzan.
- Responsabilizaranse do mantemento, conservación e custodia dos materiais, ferramentas e maquinaria que lles sexan asignados, así como a organización da aula-taller e espazos de execución dos traballos.

- Cursarán á dirección do programa de emprego as solicitudes de compra de materiais, ferramentas e maquinaria necesarios para o normal desenvolvemento da súa actividade.
- Contribuirán á orientación profesional e laboral do alumnado traballador/a.
- Cada mestre na súa especialidade impartirá o módulo de Sensibilización Ambiental respectivo.

REQUISITOS MÍNIMOS:

Nivel académico:

Os establecidos no Real Decreto 682/2011, de 13 de maio, polo que se establecen seis certificados de profesionalidade da familia profesional Agraria que se inclúen no Repertorio Nacional de certificados de profesionalidade y se actualizan os certificados de profesionalidade establecidos como anexos I, II, IV, VI, VII, VIII y XII no Real Decreto 1375/2008 de 1 de agosto, o certificado de profesionalidade establecido como anexo I no Real Decreto 1965/2008 de 28 de novembro, e o certificado de profesionalidade establecido como anexo III en el Real Decreto 1211/2009, de 17 de xullo e, que regula o certificado de profesionalidade da especialidade de - **ACTIVIDADES AUXILIARES EN CONSERVACIÓN E MELLORA DE MONTES (AGAR0309).**

Os establecidos no Real Decreto 1375/2008, de 1 de agosto, polo que se establecen doce certificados de profesionalidade da familia profesional Agraria que se inclúen no Repertorio Nacional de certificados de profesionalidade e, que regula o certificado de Profesionalidade da especialidade de **ACTIVIDADES AUXILIARES EN VIVEIROS, XARDÍNS E CENTROS DE XARDINARÍA (AGAO0108).**

A experiencia profesional esixida nos certificados de profesionalidade para impartir a docencia acreditarase segundo o disposto no artigo 168 do Real Decreto 659/2023, de 18 de xullo, polo que se desenrola a ordenación do Sistema de Formación Profesional, regula a oferta formativa de Grado C correspondente aos certificados profesionais.

Estar en posesión do CELGA 4, ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación da documentación baremable. A acreditación do coñecemento da lingua galega realizarase de conformidade coa normativa de aplicación, segundo o Sistema de Certificación da Lingua Galega (CELGA) vixente, ou certificacións equivalentes homologadas polo órgano competente en materia de Política Lingüística da Xunta de Galicia. En todo caso, as persoas aspirantes que non acheguen o CELGA 4, ou equivalente, ou non acrediten estar en condición de obtelo dentro do prazo de presentación de documentación, deberán realizar unha proba específica de coñecemento da lingua galega que cualificará á persoa aspirante como apto/a ou non apto/a, de acordo co previsto na base sexta.

PROBA ESCRITA:

Na que se valorarán as aptitudes e capacidades para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria. Puntuarase ata un **máximo de 6,00 puntos**

VALORACIÓN DO CURRÍCULO:

Titulación académica relacionada coa que se oferte a máis axeitada ao programa de emprego:

- Pos grado e Master, con unha duración igual ou superior a 100 horas: 0.5 puntos; máis de 500 horas: 1 punto.
- Titulación universitaria de licenciatura/ grao, 1 punto, diplomatura universitaria, 0.5 puntos.
- Título de técnico/a superior ou medio da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0.5 puntos.

Esta **puntuación** é acumulable, sendo a **máxima** posible **2 puntos**.

A titulación mínima esixida unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do/a aspirante. As titulacións avaliadas teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.

Experiencia profesional:

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, programas de emprego, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses a xornada completa; a xornada parcial será valorada proporcionalmente ata un máximo de 5 puntos.
- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, programas de emprego, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses a xornada completa; a xornada parcial será valorada proporcionalmente ata un máximo de 4 puntos.

No caso de requirirse experiencia profesional mínima para o acceso ao proceso, terase unicamente en conta neste apartado o tempo que exceda do tomado en conta para o anterior.

A **puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de **9 puntos**.

Cursos realizados:

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas e posteriores ao 01/01/2010 valoraranse como segue:

- Cursos de 20 a 99 horas lectivas: 0,10 por curso
- Cursos de 100 ou máis horas lectivas; 0,20 puntos por curso

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

A asistencia a xornadas, simposios, conferencias, congresos, ... non será obxecto de puntuación.

A **puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de cursos é de **2 puntos**.

- **Cursos de linguaxe administrativa nivel superior: 1 punto**
- **Cursos de linguaxe adminstrativa nivel medio: 0.5 puntos.**

A **puntuación máxima** a obter por este apartado será de ata **1 punto**.

De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en consideración o grao superior.

Puntuación final :

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas pola entrevista e o currículo persoal. No caso de empate será de aplicación os **criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións das persoas candidatas**.

BAREMO PARA A SELECCIÓN DUN/HA TITOR/A OU MESTRE DE ENSINO BÁSICO

FUNCIÓNS:

Realizará labores de titoría do alumnado e coordinará todas as accións formativas do programa de emprego cos docentes. Así mesmo, encargarse da preparación do alumnado traballador que non conte con titulación para a obtención do título da ESO ou as competencias de nivel 2. Deberá ter experiencia profesional docente relacionada coa impartición de materias desta titulación académica.

Será contratado/a a xornada completa.

- Impartir o contido formativo relacionado cos ámbitos científico, comunicación e social, en coordinación co resto do persoal docente do proxecto.
- Elaborar o material didáctico a entregar ao alumnado, así como solicitar o material e o equipamento necesarios para impartir a formación.
- Elaborar a planificación didáctica e metodoloxía a utilizar, así como as probas de avaliación, de ser o caso.
- Avaliación da acción formativa ao longo do desenvolvemento da mesma, e detección de non conformidades; ademais da redacción das actas e exames.
- Elaboración e preparación da documentación facilitada pola dirección.
- Seguimento do alumnado e titorías individuais ou grupais co alumnado.
- Impartirá o módulo de Igualdade de Oportunidades.
- Apoiar á dirección nas labores administrativas.

REQUISITOS MÍNIMOS:

Nivel académico: Titulación universitaria (con inclusión das titulacións ao nivel de grao) relacionada coa materia e funcións a desenvolver.

Indicarase a titulación requirida na oferta de emprego e a experiencia profesional mínima necesaria, se fora o caso (preferentemente relacionada coas materias a impartir).

Deberá acreditar 150 horas de formación en materia de xénero ou de experiencia profesional ou docente en materia de xénero .

Estar en posesión do CELGA 4, ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación da documentación baremable. A acreditación do coñecemento da lingua galega realizarase de conformidade coa normativa de aplicación, segundo o Sistema de Certificación da Lingua Galega (CELGA) vixente, ou certificacións equivalentes homologadas polo órgano competente en materia de Política Lingüística da Xunta de Galicia. En todo caso, as persoas aspirantes que non acheguen o CELGA 4, ou equivalente, ou non acrediten estar en condición de obtelo dentro do prazo de presentación de documentación, deberán realizar unha proba específica de coñecemento da lingua galega que cualificará á persoa aspirante como apto/a ou non apto/a, de acordo co previsto na base sexta.

PROBA ESCRITA:

Na que se valorarán as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria. Puntuarase ata un **máximo 6,00 puntos**.

VALORACIÓN DO CURRÍCULO:

Titulación académica relacionada coa que se oferte a máis axeitada ao programa de emprego:

- Pos grado ou Master relacionada coas funcións a desenvolver, igual ou superior a 100 horas:1 punto.
- Titulación universitaria; licenciatura/ grao: 1 punto; diplomatura universitaria, 0.5 puntos, relacionada co contido do Programa de Emprego.

Esta **puntuación** é acumulable, sendo a **máxima** posible **2 puntos**.

A titulación mínima esixida unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do/a aspirante. As titulacións avaliáveis teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.

Experiencia profesional:

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, programas de emprego, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses a xornada completa; a xornada parcial será valorada proporcionalmente ata un máximo de 5 puntos.
- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, programas de emprego, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses a xornada completa; a xornada parcial será valorada proporcionalmente ata un máximo de 4 puntos.

No caso de requirirse experiencia profesional mínima para o acceso ao proceso, terase unicamente en conta neste apartado o tempo que exceda do tomado en conta para o anterior. A **puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de **9 puntos**.

Cursos realizados:

De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en consideración o grao superior. duración mínima de 20 horas lectivas e posteriores ao 01/01/2010 valoraranse como segue:

- Cursos de 20 a 99 horas lectivas: 0,10 por curso
- Cursos de 100 ou máis horas lectivas; 0,20 puntos por curso

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

A asistencia a xornadas, simposios, conferencias, congresos, ... non será obxecto de puntuación.

A **puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de cursos é de **2 puntos**.

- **Cursos de linguaxe administrativa nivel superior: 1 punto**
- **Cursos de linguaxe administrativa nivel medio: 0.5 puntos.**

A **puntuación máxima** a obter por este apartado será de ata **1 punto**.

De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en consideración o grao superior.

Puntuación final :

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas pola entrevista e o currículo persoal. No caso de empate será de aplicación os **criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións das persoas candidatas**.

BAREMO PARA A SELECCIÓN ALUMNO-TRABALLADOR

As persoas candidatas deberán cumprir cos requisitos de acceso sinalados nos reais decretos que regulan os certificados de profesionalidade (art. 2.3), cando a formación a impartir no proxecto vaia dirixida á obtención de certificados de profesionalidade de **nivel de cualificación 1 (Non se exigen requisitos académicos nin profesionais, inda que se deben posuír as habilidades de comunicación lingüística suficientes que permitan o aprendizaxe)**.

A comisión de valoración resolve que a persoa candidata non poderá optar á selección para recibir formación no mesmo certificado profesional, con independencia de que rematase o programa de emprego anterior con resultado de apto ou non apto.

A sondaxe poderá realizarse entre as persoas demandantes con algunha das claves seguintes: **340, 320, 330, 699 ou 370.**

A entidade promotora tramitará a correspondente oferta na **Oficina de emprego de Santiago Norte**, para logo proceder á selección definitiva das persoas candidatas pola comisión de valoración

A selección definitiva dos/as 16 alumnos/as e a súa distribución por especialidades, de ser o caso, será efectuada polo grupo de traballo mixto que aplicará o baremo ó final deste punto, por medio do que serán avaliados as circunstancias persoais e profesionais dos candidatos remitidos pola oficina de emprego e unha proba escrita, que será previa á aplicación dos criterios obxectivos

Unha vez realizada a sondaxe pola Oficina de Emprego Santiago Norte, comunicáraselle ás persoas preseleccionadas mediante unha chamada de teléfono que pasen a recoller polo seu concello de residencia a súa correspondente carta de citación no presente Programa de Emprego Xuvenil 2024.

En dita carta de citación, indicáraselle o lugar, o día e a hora na que se deberán presentar para a realización da proba escrita, así como a documentación a aportar para xustificar cada punto baremable na seguinte fase de valoración de méritos.

O día da proba escrita, os aspirantes procederán a rexistrar no Concello promotor (Concello de Santa Comba) de procedencia a documentación baremable para a fase de concurso.

Unha vez rematada a proba escrita farase pública na sede electrónica de cada concello a puntuación da mesma e na páxina web da entidade promotora.

A proba escrita, non será eliminatoria e corresponderalle un 40% da puntuación máxima do proceso, xa que só se terá en conta a maiores a valoración de méritos e non se practicarán ningunha outra proba.

O puntuación máxima establecida sumaría 10 puntos e divídese da seguinte forma:

- Proba escrita, puntuación máxima: 4 puntos (40%)
- Valoración de méritos, puntuación máxima: 6 puntos (60%)

Na fase de valoración de méritos, establécense os seguintes criterios para proceder a baremar:

BAREMO

CRITERIOS	PUNTOS
Ter planificado no seu Itinerario Profesional de Inserción a súa participación nalgunha das especialidades formativas a impartir Dinamización de Tempo Libre e Atención Sociosanitaria	0.5
Persoas beneficiarias que nunca participaran nun Programa de Emprego ou Obradoiro de Emprego	2

Discapacidade ≥ 33%		0,5
Idade	De 18 ata 22 anos	0,5
	De 23 ata os 30 anos	1
Experiencia laboral	Ningunha experiencia profesional	1
	Experiencia Profesional	0,5
	Que non posúan formación reglada rematada	1
	Si acreditan formación reglada rematada	0,5

A Comisión de Valoración, establece como criterio establecido para dirimir os posibles empates entre as puntuacións obtidas por dúas ou máis persoas candidatas nas puntuacións finais o seguinte:

- Maior tempo acreditado como desempleado (derradeira inscrición na oficina de emprego).
- A menor cualificación profesional.
- Non ter participado nunca nun Programa de Emprego, Obradoiro de Emprego.

En Santa Comba, a 9 de agosto de 2024.

A Comisión de Valoración:

Presidenta:
Cristina Pereira Ulla
Técnica de Formación
Concello de Santa Comba

Secretaria;
Luz Vieto Diaz
Administrativa do
Concello de Santa Comba

Vogais;
Sonia Ponte Esturao.
AEDL Concello de Negreira

María Eugenia Moral
AEDL Concello da Baña

Ana Lucía Calviño Canedo
AEDL Concello Val do Dubra